

OFERTA VOLUNTARIEDADE PACS

Na Mesa Sectorial do 19/12/2025 CCOO reitera as súas peticións, xa remitidas ó SERGAS en período de alegacións, entre as que figuran:

- Tramos de voluntariedade de 100-150-300-600 horas para todo o persoal médico e de enfermería de unidades e servizos e de PAC, con incentivo anual para todo este persoal. O SERGAS oferta hoxe só dous tramos de 300-600h para o persoal de PAC
- Carteleiras de PAC con 1504h/ano e 126h/mes. Calquera xornada por riba disto sería “voluntaria”, é dicir, escolleríaa o traballador; abonaríase mensualmente e calendarizaríase en FIDES (unicamente a Voluntaria a efectos informativos).
- Extensión obrigatoria da xornada ordinaria (por riba das 1504h/ano ou 126h/mes): dado que esta xornada a impón a Xerencia e non a escolle o/a traballador/a, pedimos o recoñecemento da mesma como efectiva anual (se realice ou non) e que se liquide anualmente.
- Que o persoal de PAC teña prioridade para a cobertura da voluntariedade
- Calendarios: O persoal de PAC programará os seus calendarios anuais
- Sábados de mañá: Que sexan voluntarios/as, cunha retribución de 42€/h para médicos (para igualalo ós FEAs) e de 33€/h para enfermería, tanto para persoal de unidades e servizos como de PAC.
- Que o persoal substituto non sexa obrigado a facer a xornada voluntaria do titular
- Oferta anual da voluntariedade